


# Temas con jQuery UI

José Manuel Bouzán Matanza

Dende a versión 5 de Ardora existen varios apartados da aplicación onde pode controlar o aspecto final mediante a opción de temas de **jQuery UI** (<http://jqueryui.com/>). Este tutorial está dedicado á creación personalizada destes temas e a súa posterior inclusión en Ardora.

OLLO: Non confunda estes temas cos propios de Ardora.


## 1. - Creamos o tema



Pulse sobre "Edit" do tema elixido e comece a realizar as súas modificacións, observe que os os seus cambios se van reflectindo na pantalla.

Para crear un tema propio teclee no seu navegador: [jqueryui.com](http://jqueryui.com/) e acuda á sección "Themes", á esquerda da pantalla atopará o "ThemeRoller".

Pulsando nos distintos apartados pode ir creando o seu propio tema, non obstante, un método que pode resultar "máis práctico" é pulsar sobre a pestana "Gallery", aquí aparecerán varios temas xa creados, busque aquel que poida parecerse ao que vostede quere crear (así terá que introducir menos datos).



## 2. - Introducir o tema en Ardora:

Cando o deseño sexa do seu agrado pulse sobre o botón de "Download theme". Na seguinte pantalla pulse directamente sobre o botón "Download".

Con isto descargará un ficheiro **zip** que debe de descomprimir no seu ordenador.


Unha vez descomprimido busque a carpeta "**development-bundle**", dentro desta, faga dobre cli en "**themes**", aquí encontra unha carpeta co nome "**custom-theme**", faga clic co botón dereito e seleccione "cambiar nome", introduza un nome para o seu tema, é o que logo verá en Ardora.

Teña en conta que:

NON pode utilizar nome que xa teñan outros temas.  
NON pode usar "ñ", acentos, espazos en branco...

Unha vez realizado o cambio de nome, pulse co botón dereito e seleccione "copiar".

Busque no seu ordenador o lugar onde se atopa instalado Ardora. (normalmente, en ordenadores Windows "o Meu PC - Arquivos de Programa - Ardora"), dentro da carpeta de Ardora busque "**multimedia**" e abra (dobre clic) esta carpeta, repita a operación coa carpeta "**ui-themes**", xa dentro desta carpeta, pegue a súa, se agora abre Ardora, observará que nas eleccións de "jQuery UI" xa se atopa o o seu tema.



The screenshot shows a theme selection interface with a yellow background. It includes sections for 'Theme', 'Version', and 'Total Filesize', each with a 'Download' button at the bottom.

**Theme**  
Select the theme you want to include or [design a custom theme](#)

Custom Theme

▶ Advanced Theme Settings

---

**Version**  
Select the release version you want to download.

**1.7.2**  
(Current stable, for jQuery 1.3+)

**1.6**  
(Legacy release, for jQuery 1.2.6)

---

**Total Filesize**  
The size of the bundled files in the package will be approximately:

**450.5 kb uncompressed**  
**~ 300.03 kb minified**

**Download**